

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBAN OS CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN ORGANIZADOS POLA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA (BUSC) PARA O CURSO 2024-2025 PARA O SEU RECOÑECIMENTO COMO ECTS NAS TITULACIÓNS DE GRAO.

O artigo 33.k da Lei orgánica do Sistema Universitario regula entre os dereitos do estudiantado o recoñecemento académico e a compatibilidade coa participación en actividades universitarias de mentoría, aprendizaxe-servizo, ciencia cidadá, culturais, deportivas, de representación estudantil, asociacionismo universitario, solidarias, de cooperación e de creación de novas iniciativas sociais e empresariais. O parágrafo I do mesmo artigo recoñece o acceso á formación para o desenvolvemento das capacidades dixitais, así como a recursos e infraestruturas dixitais.

De igual xeito o Real decreto 822/2021 de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade establece no artigo 10, parágrafo c) que serán obxecto de procedemento de recoñecemento e transferencia de créditos as actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil ou outras actividades académicas que con carácter docente organice a universidade.

O apartado 6.3 do acordo do Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de Grao dos Cursos de Competencias en Información organizados pola BUSC (Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela), establece que por Resolución reitoral aprobarase a programación dos cursos recoñecibles a proposta da Biblioteca.

Á vista desta proposta cómpre aprobar os cursos de Competencias en Información organizados pola BUSC para o curso 2024/25, aos efectos do seu recoñecemento como ECTS nas titulacións de grao, é por isto que esta Reitoría,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Apróbanse os Cursos de Competencias en Información organizados pola Biblioteca Universitaria que figuran no Anexo desta Resolución, para o seu recoñecemento como ECTS nos expedientes dos alumnos dos graos.

SEGUNDO.- Os cursos recoñecidos figurarán no sistema XES CAMPUS a efectos de matrícula, emisión e xestión das actas, emisión de certificacións e acreditacións, así como para o propio rexistro das actividades autorizadas.

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a actividade, o recoñecemento farase de forma automática nos expedientes dos alumnos sen necesidade de solicitude previa, agás para o estudiantado do Grao en Medicina que deberá solicitar o recoñecemento na Unidade de Xestión Académica ou a través da Secretaría Virtual.

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015) polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

| CÓDIGO | NOME DA ACTIVIDADE | TITULACIÓNS ÁS QUE SE DIRIXE |
|-------------|--|---|
| BUSC.2425.1 | Competencias en información para alumnado de Grao. Nivel Básico. 1ª Ed. | Todas as titulacións de Grao da USC |
| BUSC.2425.2 | Competencias en información para alumnado de Grao. Nivel Básico. 2ª Ed. | Todas as titulacións de Grao da USC |
| BUSC.2425.3 | Competencias en información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias Sociais e Xurídicas. 1ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (S) • Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L) • Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual • Grao en Administración e Dirección de Empresas [L] • Grao en Administración e Dirección de Empresas [S] • Grao en Ciencia Política e da Administración • Grao en Comunicación Audiovisual • Grao en Criminoloxía • Grao en Dereito • Grao en Economía • Grao en Educación Social • Grao en Empresa e Tecnoloxía (presencial) • Grao en Empresa e Tecnoloxía (virtual) • Grao en Mestre de Educación Infantil [L] • Grao en Mestre de Educación Infantil [S] • Grao en Mestre en Educación Primaria [L] • Grao en Mestre en Educación Primaria [S] • Grao en Pedagogía • Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] • Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [S] • Grao en Traballo Social • Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras • Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio • Grao en Xornalismo |

| CÓDIGO | NOME DA ACTIVIDADE | TITULACIÓNS ÁS QUE SE DIRIXE |
|-------------|--|--|
| BUSC.2425.4 | Competencias en información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias Sociais e Xurídicas. 2ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria(S) • Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L) • Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual • Grao en Administración e Dirección de Empresas [L] • Grao en Administración e Dirección de Empresas [S] • Grao en Ciencia Política e da Administración • Grao en Comunicación Audiovisual • Grao en Criminoloxía • Grao en Dereito • Grao en Economía • Grao en Educación Social • Grao en Empresa e Tecnoloxía (presencial) • Grao en Empresa e Tecnoloxía (virtual) • Grao en Mestre de Educación Infantil [L] • Grao en Mestre de Educación Infantil [S] • Grao en Mestre en Educación Primaria [L] • Grao en Mestre en Educación Primaria [S] • Grao en Pedagogía • Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] • Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [S] • Grao en Traballo Social • Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras • Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio • Grao en Xornalismo |
| BUSC.2425.5 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Artes e Humanidades. 1ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Grao en Filoloxía Clásica • Grao en Filosofía • Grao en Historia • Grao en Historia da Arte • Grao en Lingua e Literatura Españolas • Grao en Lingua e Literatura Galegas • Grao en Lingua e Literatura Inglesas • Grao en Linguas e Literaturas Modernas • Grao en Xestión Cultural - mod. presencial • Grao en Xestión Cultural - mod. semipresencial |

| CÓDIGO | NOME DA ACTIVIDADE | TITULACIÓNS ÁS QUE SE DIRIXE |
|-------------|---|--|
| BUSC.2425.6 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Artes e Humanidades. 2ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Grao en Filoloxía Clásica • Grao en Filosofía • Grao en Historia • Grao en Historia da Arte • Grao en Lingua e Literatura Españolas • Grao en Lingua e Literatura Galegas • Grao en Lingua e Literatura Inglesas • Grao en Linguas e Literaturas Modernas • Grao en Xestión Cultural - mod. presencial • Grao en Xestión Cultural - mod. semipresencial |
| BUSC.2425.7 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias e Enxeñarías. 1ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural • Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas (2ªed) • Dobre Grao en Física e en Química • Dobre Grao en Matemáticas e en Física • Dobre Grao en Química e en Bioloxía • Grao en Bioloxía • Grao en Bioquímica • Grao en Biotecnoloxía • Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (L) • Grao en Enxeñaría Civil • Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (L) • Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (L) • Grao en Enxeñaría Informática • Grao en Enxeñaría Química • Grao en Física • Grao en Intelixencia Artificial • Grao en Matemáticas • Grao en Paisaxe • Grao en Química • Grao en Robótica • Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías (L) |

| CÓDIGO | NOME DA ACTIVIDADE | TITULACIÓNS ÁS QUE SE DIRIXE |
|-------------|---|--|
| BUSC.2425.8 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias e Enxeñarías. 2ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural • Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas (2ªed) • Dobre Grao en Física e en Química • Dobre Grao en Matemáticas e en Física • Dobre Grao en Química e en Bioloxía • Grao en Bioloxía • Grao en Bioquímica • Grao en Biotecnoloxía • Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (L) • Grao en Enxeñaría Civil • Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (L) • Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (L) • Grao en Enxeñaría Informática • Grao en Enxeñaría Química • Grao en Física • Grao en Intelixencia Artificial • Grao en Matemáticas • Grao en Paisaxe • Grao en Química • Grao en Robótica • Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías (L) |
| BUSC.2425.9 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias da Saúde. 1ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre grao en Farmacia e en Óptica e Optometría • Grao en Enfermaría [L] • Grao en Enfermaría [S] • Grao en Farmacia • Grao en Medicina • Grao en Nutrición Humana e Dietética • Grao en Odontoloxía • Grao en Óptica e Optometría • Grao en Psicoloxía • Grao en Veterinaria |

| CÓDIGO | NOME DA ACTIVIDADE | TITULACIÓNS ÁS QUE SE DIRIXE |
|--------------|---|--|
| BUSC.2425.10 | Competencias en Información para TFG. Nivel Avanzado. Ciencias da Saúde. 2ª Ed. | <ul style="list-style-type: none"> • Dobre grao en Farmacia e en Óptica e Optometría • Grao en Enfermaría [L] • Grao en Enfermaría [S] • Grao en Farmacia • Grao en Medicina • Grao en Nutrición Humana e Dietética • Grao en Odontoloxía • Grao en Óptica e Optometría • Grao en Psicoloxía • Grao en Veterinaria |

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
08/08/2024 11:58:28.

CSV: 7355-2E44-4555-8558